

## **1.7 CONSELLO ESCOLAR DE NAVARRAI**

# **CONSELLO ESCOLAR DE NAVARRA**

## **I. A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

As referencias normativas para estas etapas educativas, no referente á atención á diversidade, recóllense integradas no seguinte punto.

### **I.1 REFERENTES LEGAIS OU NORMATIVOS**

#### *I.1.A EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA*

- Decreto foral 574/1991, do 30 de decembro, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Foral de Navarra (BON do 29 de xaneiro de 1992) e nos documentos adicionais que o acompañan, especialmente os referidos á “individualización do ensino” e ás “orientacións didácticas”. Nestes documentos exponse o continuo das adaptacións curriculares como estratexia de actuación docente ante a diversidade; as adaptacións curriculares significativas, non significativas e as de acceso ó currículo, así como o carácter continuo e individualizado dos procesos de avaliación. Trátase de suxestións de tipo curricular sen contido organizativo específico.
- Decreto foral 100/1992, do 16 de marzo, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Foral de Navarra, e nos documentos anexos que o acompañan, especialmente os denominados “Orientacións didácticas” e “Adaptacións Curriculares”. Trátase, do mesmo xeito, de orientacións de carácter curricular e non de tipo organizativo.

#### *I.1.B EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA*

- Resolución 608/1995, do 23 de maio, do director xeral de Educación, pola que se dictan instruccións para a organización da atención á diversidade no primeiro ciclo de ESO de centros concertados na Comunidade Foral de Navarra.

- Resolución 609/1995, do 23 de maio, do director xeral de Educación, pola que se dictan instruccions para a organización da atención á diversidade no primeiro ciclo de ESO de centros públicos na Comunidade Foral de Navarra.
- Resolución 638/1996, do 11 de xuño, do director xeral de Educación pola que se dictan instruccions para a organización da atención á diversidade no segundo ciclo de ESO dos centros públicos da Comunidade Foral de Navarra.
- Resolución 639/1996, do 11 de xuño, do director xeral de Educación, pola que se dictan instruccions para a organización da atención á diversidade no segundo ciclo de ESO dos centros concertados da Comunidade Foral de Navarra.
- Decreto foral 135/1997, do 19 de maio, polo que se regulamentan os aspectos organizativos e curriculares da ESO (modificación parcial que reduce unha área de varios cursos e abre as opcións diferenciadas en 4º de ESO).
- Orde foral 90/1998, do 2 de abril, do conselleiro de Educación e Cultura, pola que se dictan instruccions para establecer respuestas educativas específicas para o alumnado de 2º ciclo de ESO que precise medidas de promoción e compensación educativas (unidades de currículo adaptado UCA).
- Orde foral 225/1998, do 18 de xuño, do conselleiro de Educación e Cultura pola que se dictan instruccions para organiza-la diversificación curricular na ESO.
- Decreto foral 233/1999, do 21 de xuño, polo que se regulamentan os programas específicos de garantía social no ámbito territorial da Comunidade Foral de Navarra.
- Orde foral 373/1999, do 3 de novembro, do conselleiro de Educación e Cultura, pola que autorizan os programas de iniciación profesional en institutos de educación secundaria, centros concertados e entidades sen ánimo de lucro da Comunidade Foral de Navarra (modalidade de iniciación profesional básica, iniciación profesional especial e iniciación profesional adaptada e obradoiros profesionais).

A marxe dos textos legais mencionados, o Departamento de Educación e Cultura do Goberno de Navarra realizou unha divulgación ampla deles acompañando explicacións e exemplos concretos de aplicación recollidos en varias publicacións, como son:

- *La atención a la diversidad. Primer ciclo de ESO.* 1995.
- *Evaluación y titulación en la ESO.* 1998.
- *La diversificación curricular en la ESO .1998.*
- *Unidades de currículo adaptado. Claves para su mejora.*1999.
- *La evaluación psicopedagógica en la ESO.* 1998
- *Materiales informáticos y necesidades educativas especiales.* 1999.

- *Habilidades de integración y autonomía social. Instrumentos para la atención a la diversidad.* 1998.
- *Comunicación y programa de transito s la vida adulta en personas con necesidades de apoyo generalizado.* 1998.
- *La atención al alumnado con necesidades educativas graves y permanentes.* 1995.

## **I.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA EN NAVARRA<sup>1</sup>**

Na comunidade Foral de Navarra, ata 1990, data de comezo de aplicación de LOXSE, e más concretamente ata 1995, data na que se xeneraliza en Navarra a etapa de secundaria obligatoria, o tratamento e atención á diversidade, con outras denominación, vén sendo unha constante da que sempre nos sentimos orgullosos.

Na etapa da EXB (educación xeral básica) a atención ós alumnos con dificultades de aprendizaxe realizábase a través de apoios educativos a cargo dos mestres de Pedagoxía Terapéutica e, no caso de centros onde houbera alumnos de minorías étnicas, con mestres de postos singulares.

Nalgúns centros en que había alumnado con dificultades de aprendizaxe e un alto grao de desmotivación cara ó traballo na aula, organizábanse, no ciclo superior, uns obradoiros que consistían nunha adaptación curricular encamiñada a traballar aspectos relacionados con habilidades prácticas.

Paralelamente estableceronse aulas de compensatoria ó abeiro do Real decreto 1174/1983, para os alumnos/as menores de 16 anos con serios problemas de adaptación escolar. Estas aulas, emprazadas en espacios propios nos propios centros escolares ou, nalgúns casos, en espacios alleos ó centro escolar, estiveron atendidas por profesorado especialista.

Os obxectivos e actuacións específicas do programa eran:

- Construcción de servicios de apoio escolar e centros de recursos para asistir ós centros docentes con maiores desfasaxes entre curso académico e idade do alumnado.
- Establecemento de cursos especiais para rapaces de catorce e quince anos non escolarizados, co fin de lles proporcionar formación ocupacional e completa-la formación xeral recibida en educación xeral básica.
- Desenvolvemento de campañas de alfabetización para a erradicación do analfabetismo aínda existente, de acordo coa características dos alumnos.

---

1. A formación básica foi subministrada polos servicios de renovación pedagógica e de ordenación académica e profesional do Departamento de Educación e Cultura do goberno de Navarra.

O Programa de Educación Compensatoria estructurábase en cinco grandes áreas de atención ou subprogramas:

- Zonas rurais. Co obxecto de atender ás escolas do medio rural máis deficitarias, púñanse en funcionamento:
  - Centros de recursos e servicios de apoio.
  - Centros rurais de innovación educativa (CRIE).
  - Preescolar desescolarizado (itinerante).
- Proxectos en centros educativos para a atención de alumnos con deficiencias socioculturais e con obxecto de evita-lo desfase curso-idade e o abandono prematuro.
- Aulas ocupacionais para rapaces desescolarizados (14 a 16 anos).

Polo que respecta a Navarra, os subprogramas implantados en función das necesidades para compensar foron os seguintes:

- 1.- Os centros de recursos e servicios de apoio. A asunción das competencias educativas por parte do Goberno de Navarra, con data de 12 de setembro de 1990, supuxo a desaparición dos centros de recursos ó pasa-las súas funcións ós centros de apoio ó profesorado (CAP).
- 2.- Aulas-obraidoiro e aulas ocupacionais para mozos desescolarizados de 14 a 16 anos. As áreas básicas de traballo das aulas-obraidoiro eran: formación básica, formación técnico-profesional (preprofesional máis ben) titorial e de actividades socioculturais. A dotación máis frecuente era a dun profesor de EXB e dous profesores técnicos ou mestres de taller. O curso 1996/97 foi o último de funcionamento das aulas-obraidoiro. Ó final do citado curso suprimíronse as de Barañain, Orcoyen, San Adrián, Tafalla e Tudela. Con data de 14 de setembro de 1995 suprimiuuse a aula-obraidoiro existente en Lizarra e que funcionaba no C.P. "Remontival". Era, xunto á de Tafalla, a única vinculada a un centro educativo ordinario. Tódalas demais funcionaron sempre con total independencia dun centro ordinario.

A antiga Deputación Foral, logo Goberno de Navarra, en colaboración con determinados concellos (Pamplona, Barañain, Bularda e Tudela), implantou ademais un programa educativo denominado Obradoiros Profesionais, para atender ó alumnado maior de 14 anos en situación irremediable de desescolarización. Este programa, de notorio éxito, estivo en vigor ata os nosos días e hoxe adaptouse ós denominados grupos de garantía social ou iniciación profesional.

## **I.2.A ORIXE E EVOLUCIÓN DA OFERTA EDUCATIVA DE OBRADOIROS PROFESIONAIS**

Febreiro 1982: Acordo da Deputación Foral polo que se autoriza a posta en marcha do Programa Obradoiros Profesionais de Navarra en colaboración coas administracións locais.

Pretende atender a rapaces desescolarizados que, procedentes do ensino xeral básico ou dos niveis educativos posteriores, formación profesional ou bacharelato, se atopan “na rúa” e sen traballo.

#### Febreiro 1982 / setembro 1982:

- Deseño da oferta educativa do programa: elección, contratación e formación do persoal.
- Elección de locais e da súa habilitación.
- Adquisición dos equipamentos necesarios.

#### Cursos 1982/83 a 1984/85:

Posta en marcha dos obradoiros e experimentación dos programas educativos. Adaptación da oferta ás necesidades socio-educativo-laborais.

#### Cursos 1986/87 a 1995/96.

Desenvolvemento continuado do programa, modificando os sucesivos plans educativos en función da situación socioeconómica e características do alumnado, potenciando fundamentalmente as accións para a inserción laboral dos rapaces.

#### Cursos 1996/97 a 1998/99:

Con carácter anticipado e experimental, adaptación progresiva da oferta de obradoiros profesionais de Navarra ó marco dos programas de garantía social recollidos na LOXSE.

Adscrición dos obradoiros profesionais a diversos institutos de educación secundaria da rede pública atendendo a criterios de afinidade profesional.

Ampliación da oferta coa implantación de novos programas de garantía social noutros centros públicos e privados de Navarra.

#### Curso 1999/00:

O Decreto foral 233/1999, do 21 de xuño, establece o marco legal para o desenvolvemento dos programas de garantía social na Comunidade Foral de Navarra. Coa denominación común de programas de iniciación profesional, establece varias modalidades atendendo a criterios de heteroxeneidade do alumnado e o seu ámbito de desenvolvemento.

DATOS SOBRE A EVOLUCIÓN	Centros	Familias profesionais	Programas	Prazas ofertadas	Matrícula	Grupos de alumnos/as	Profesorado
Obradoiros profesionais. Curso 1992/93	10	6	10	360	327	20	29
Programas de Iniciación profesional. Curso 1999/00	28	13	48	910	672	66	122

### **I.3 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS ADOPTADAS EN NAVARRA PARA AFRONTA-LO TEMA E MODELO Ó QUE CONDUCE**

En consonancia co modelo que se verá máis adiante e de acordo cos principios que fundamentan as leis e normas que regulamentan o sistema educativo, en Navarra adóptase unha serie de medidas que lle intentan dar respostas á diversidade a través dunha intervención educativa axustada ás necesidades do alumnado. Cómprase salientar que unha cuestión clara do noso sistema educativo é que expón a diversidade como algo para valorar. Esta é unha intencionalidade básica de todo o ensino obligatorio. Así, asumi-la diversidade de motivacións, intereses e capacidades posibilitando a aprendizaxe de cada alumno en consonancia coas súas capacidades, constitúe o seu grande reto.

#### *I.3.A EDUCACIÓN INFANTIL.*

Tendo en conta as características desta etapa educativa, tanto no que se refire ós aspectos académicos (obxectivos, contidos, metodoloxía e avaliacións) como ós evolutivos, parece lóxico pensar que as diferencias entre os alumnos non terían que ser moi grandes e, consecuentemente, as medidas de atención á diversidade non deberían ser moi significativas.

Con todo, tamén é certo que unha pronta intervención pode evitar problemas, atrasos ou trastornos más graves.

Neste contexto, as medidas curriculares que se adoptan con maior frecuencia son as adaptacións curriculares significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais realizadas por mestres de Pedagoxía Terapéutica e, de se-lo caso, de Audición e Linguaxe. Loxicamente estas levan aparelladas medidas organizativas de apoio, xa que calquera adaptación que afecte ó cómo ocasiona medidas organizativas.

Por outra parte, os centros públicos que teñen seis ou máis unidades nesta etapa con ratio superior a vinte alumnos por unidade disponen dun mestre máis para realizar un reforzo educativo de carácter xeral segundo os criterios que o centro estime oportunos.

Finalmente, a norma permite permanecer un ano máis nesta etapa ou, dito doutra maneira, incorporarse á educación primaria no ano en que cumplen os sete anos de idade, con carácter excepcional.

### ***I.3.B EDUCACIÓN PRIMARIA***

Nesta etapa as diferencias individuais respecto á capacidade para aprender, as motivacións e intereses cara á aprendizaxe son cada vez maiores, e en consecuencia tamén o é a distancia entre o que o alumno é capaz e o currículo esixe. Así, as medidas de atención á diversidade tórnanse más significativas.

Dende o punto de vista do currículo, cabería salienta-la impartición dunha segunda lingua estranxeira no terceiro ciclo da etapa e, por outra parte, as adaptacións curriculares como estratexia docente.

Estas adaptacións curriculares teñen o seu reflexo en diferentes medidas organizativas que imos ver, das que a máis importante é o apoio ós alumnos con necesidades educativas especiais, que é realizado por mestres de Pedagoxía Terapéutica, Audición e Linguaxe, fisioterapeutas, etc., segundo sexa a necesidade, en moitas ocasións fóra da aula ordinaria. Para realizar este tipo de intervencións, os centros contan co apoio do orientador e do centro de recursos de educación especial.

Para atender a alumnos con atrasos de aprendizaxe que non precisan de adaptacións significativas, os centros organizan un sistema de apoio utilizando ós titores naquelhas horas en que non teñen horario lectivo nun grupo pola intervención dos especialistas.

Unha variante deste sistema, que se está a estender en centros de dúas liñas, consiste en regrupa-los alumnos nas horas de educación física, música e lingua estranxeira, de maneira que o especialista colle á metade de cada grupo e o tutor queda coa súa respectiva metade, co que se pode prestar unha atención máis personalizada e reforza-la adquisición dalgúns aprendizaxes.

Tamén é posible, se a dotación de profesorado o permite, desdobra-los grupos de máis de vinte alumnos para as linguas estranxeiras de xeito que o tutor queda coa metade dos alumnos; é dicir, en situación parecida á anterior.

Para o caso de que nalgúns centros exista un número considerable de alumnos de minorías étnicas ou, en xeral, de alumnos en situacións sociais e culturais desfavorecidas, que aconselle un apoio especial para eles, o Departamento de Educación dispón de mestres de postos singulares que se adscriben a eses centros coa finalidade por riba do cadre de persoal correspondente.

Por último, existe a posibilidade de flexibiliza-lo período obligatoria de escolarización, xa sexa para permanecer un ano máis no mesmo ciclo, xa sexa para diminuír este período no caso de alumnos con condicións persoais de sobredotación intelectual.

No primeiro caso, a medida soamente pode tomarse unha vez ó longo de toda a etapa e, no segundo caso, só afectaría a un máximo de dous anos na escolarización obligatoria, sen que se poida aplicala reducción de dous anos no mesmo nivel ou etapa educativa.

### **I.3.C EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

Nesta etapa educativa séguense, de xeito xeral, os mesmos principios que viñemos vendo ata aquí. Non obstante, hai algunas variables que aparecen ou cobran maior relevancia nesta idade. Así, prodúcese o paso da infancia á pubertade e á adolescencia e iníciase o pensamento lóxico-formal e abstracto á vez que aumenta o número dos intereses do alumnado, e espértase o interese polo sexo e pola compañía do sexo contrario. Por outra parte, as figuras de referencia principal deixan de se-los pais, profesores e adultos en xeral e comezan a procurarse nas compañías ou en alumnos maiores. Polo que se refire ó currículo, aumenta o número de áreas e o horario escolar, o currículo de cada área faise más esixente e os desfasos curriculares, cando se producen, fanse más evidentes. Ás veces, fórone acumulando atrasos académicos e desfasos que dificultan unha axeitada evolución na aula ordinaria. Tamén pode producirse, nalgúns alumnos, un rexeitamento á institución escolar e unha desmotivación cara a aquilo que supón un esforzo.

Resumindo; nesta etapa maniféstanse diferencias evidentes entre os alumnos debidas á historia persoal, social e académica de cada un deles. As diferencias de capacidades, motivacións, intereses, etc. requiren necesariamente respuestas diferenciadas de tipo curricular e organizativo.

Ámbolos tipos de medida son, como xa dixemos, complementarias e teñen diferente reflexo segundo o ciclo ou curso en que se producen.

As medidas curriculares son as seguintes:

- Toma de decisións sobre o currículo.
- Adaptación curricular.
- Opcionalidade.
- Acción titorial.

Estas medidas reflíctense en diferentes medidas organizativas.

Así, a toma de decisións sobre o currículo aplícase a través da medida chamada “reforzos e apoios educativos” e, nalgúns casos, a través dos “agrupamentos específicos”.

As adaptacións curriculares teñen unha gradación de significatividade que van dende os “agrupamentos específicos” (1º, 2º e 3º da ESO) ata as unidades de currículo adaptado (despois de 3º da ESO), aulas de diversificación curricular (despois de 4º da ESO) e, por suposto, para alumnos de necesidades educativas especiais ó longo de toda a etapa.

Os recursos de que dispoñen os centros para realizar estas medidas son os seguintes:

- a) Para as medidas de “reforzo e apoio educativos” e “agrupamentos específicos” os centros teñen asignadas cinco horas por grupo con máis de 20 alumnos e tres horas para grupos con máis de 16 alumnos. Ademais hai senllas horas para idioma moderno, lingua vasca, laboratorios de ciencias da natureza, bioloxía, xeoloxía, física e química e para prácticas de tecnoloxía, sempre que o número de alumnos sexa superior a 25.
- b) No caso das unidades de currículo adaptado e no das aulas de diversificación curricular que forman grupos específicos, o currículo distínguese fundamentalmente en tres ámbitos que son impartidos polos respectivos profesores.
- c) Finalmente, ós alumnos de necesidades educativas especiais aténdeo, principalmente, un mestre de Pedagoxía Terapéutica, e incorpóranse ó grupo de referencia naquelas áreas en que se considera oportuno.

Polo que se refire á optionalidade, é unha medida curricular que toma maior relevancia en 4º curso da ESO, trndo en conta que nos restantes cursos soamente hai unha optativa. En 4º curso da ESO, non obstante, os centros poden organiza-lo curso de tal forma que se ofrezan opinións curriculares diversas, todas elas conducentes á obtención de título de graduado en educación secundaria. Unha opción presenta un maior desenvolvemento científico-tecnolóxico, outra desenvolve máis os compoñentes humanísticos e socioeconómicos e a terceira conxuga a formación básica con dimensións e enfoques prácticos.

Canto á acción titorial, o tutor debe garantir-lo coñecemento sistemático das diferencias individuais dos alumnos e a resposta organizada máis axeitada a eles. Isto require un labor importante de diagnóstico dos problemas que se presentan e de organización das respostas educativas más eficaces para a atención ás diferencias individuais en tódolos ámbitos: escolar, persoal e social.

Finalmente, contemplase a medida organizativa de permanecer un ano máis no mesmo ciclo ou curso (ou de reducilo no caso de alumnos con alta capacidade) que, loxicamente, debería ir acompañada doutras medidas curriculares.

O Servicio de Inspección Técnica e de Servicios realizou no curso 1998-1999 unha avaliación das medidas organizativas de atención á diversidade na educación secundaria obligatoria, e as súas conclusións recollérionse nun informe do que extraemos a seguinte información:

- Reforzo e apoio educativo: medida dirixida ó alumnado que presenta dificultades puntuais nalgúnha área ou materia do currículo, fundamentalmente en matemáticas, lingua española, idioma estranxeiro, ciencias sociais e ciencias naturais. Os departamentos didácticos previrán algunha hora semanal ou mensual para a atención a aquel alumnado que requira medidas de apoio ou reforzo. O profesorado fai un seguimento intensivo deste alumnado ben dentro da aula, xunto ó resto do grupo, ou ben fóra dela, segundo criterio de cada centro, organízanos e apóianos en traballos específicos complementarios para afianzar aprendizaxes e acada-los obxectivos míminos.

De acordo co sinalado polo mencionado informe do Servicio de Inspección esta medida aplicouse no curso 98/99 a 1.358 alumnos/as, un 6,19% do alumnado de ESO (3,89% de cen-

tros públicos e 9,28% de centros concertados) (5,84% en centros en castelán -G/A- e 7,85% en centros en vasco -D-).

O apoio ou reforzo educativo aplícase con distinto profesor ó habitual dentro da aula nunha porcentaxe do 30% ó 40% dos casos, e fóra da aula, tamén con distinto profesorado, nunha porcentaxe que vai do 60% ó 70% dos casos, agás en 4º de ESO, en que as porcentaxes varían sensiblemente ó ser un 33% dentro da mesma aula habitual e do 48% fóra da aula.

Algúns centros aplicaron esta medida incrementando o horario lectivo deste tipo de alumnado; é unha modalidade pouco relevante, un 1% no caso de centros públicos e dun 5% en centros concertados.

- Agrupamentos específicos: para atende-lo alumnado que non poida segui-lo ritmo da aula debido a atrasos académicos que supoñen carencias básicas que lles impiden seguir unha aprendizaxe significativa xunto ó resto, este alumnado organízase en grupos específicos durante un máximo de 11 horas semanais. A organización destes grupos faise segundo o criterio do centro correspondente.

Esta medida aplicouse no curso 98/99, a 2.535 alumnos/as, un 11,51% do alumnado de ESO (11,05% en centros públicos e 12,15% en centros concertados) (un 4,56% en centros modelo D –ensino en vasco- e un 12,85, en centros modelos A e G -castelán-).

*Entrámbalas medidas, reforzo educativo e agrupamento específico, a máis empregada foi a do agrupamento específico. Hai que exceptua-los centros de ensino en vasco, que aplicaron maioritariamente o reforzo ou apoio.*

*Cómpre destaca-la heteroxeneidade da aplicación deste media, dado que un 43% dos centros enquisados non a aplican de acordo coa normativa vixente, e son varios os que empregan o recurso para crear grupos novos non previstos rebaixando a ratio media das unidades autorizadas.*

- Unidades de currículo adaptado para aquel alumnado que, malia a adopción previa de adaptacións curriculares e doutras medidas ordinarias de atención á diversidade, presenten un atraso escolar manifesto asociado a problemas de adaptación ó traballo na aula e a desaxustes de conducta que dificulten o normal desenvolvemento das clases e que manifesten, a xuízo do equipo decente, un grave risco de abandono do sistema escolar.

No curso 98/99, primeiro curso de aplicación, o alumnado afectado por ela foi de 127 alumnos/as, o 0,58% do total, todos eles de 3º de ESO (0,80% en centros públicos e 0,27 en centros concertados, todos do modelo en castelán e ningún no modelo D).

A procedencia deste alumnado foi: vén de 2º de ESO un 73%; de 3º curso un 28%; e de 4º de ESO un 15%.

- A totalidade do alumnado de 4º curso de ESO poderá organiza-las súas ensinanzas en opcións ou itinerarios diferenciados, todos eles conducentes ó título de graduado en secundaria e, por tanto, possibilitando o seu acceso tanto ós estudos de bacharelato como á formación profesional de grao medio. Unha das opcións ou itinerarios terá maior des-

envolvemento no ámbito científico-tecnolóxico, outra no ámbito humanístico e socioeconómico e unha terceira no ámbito práctico.

Medida de aplicación xeral en tódolos centros educativos da Comunidade Foral de Navarra ben aceptada e que non creou ningún problema de funcionamento.

- Unidades de diversificación curricular. Esta medida aplícaselle ó alumnado de 4º de ESO, cun currículo específico que constitúe o nivel básico de referencia para consegui-la titulación daquel alumnado que non teña, inicialmente, expectativas de cursar estudos de bacharelato, pero si conseguiu os obxectivos mínimos da etapa e teña un nivel suficiente para desenvolverse na vida adulta e que acadara a formación de base para cursar, polo menos, algúns ciclos formativos de grao medio.

No curso 98/99 aplicóuselles a 222 alumnos/as, o 1% do alumnado de 4º curso de ESO (todos en centros públicos e no modelo en castelán; ningún centro concertado solicitou incorporar esta medida).

A procedencia deste alumnado foi: un 3% de 2º curso de ESO, un 74% de 3º curso, un 15% de 4º curso e un 1% de unidades de currículo adaptado.

Como dato global cómpre sinalar que o total de horas concedidas pola Administración educativa para a atención á diversidade en educación secundaria obligatoria foi, no curso 98/99, de 6.015 horas semanais, das que 5.749 horas se aplicaron conforme os criterios expresados; a diferencia aplicouse por centros noutras medidas organizativas. Ademais, cómpre indicar que para o alumnado con necesidades educativas especiais, na Comunidade Foral dedícase un total de 1.377 horas semanais que poderíamos engadir ás 6.015 horas anteriormente sinaladas.

En centros públicos concedéronse 4.873 horas semanais equivalentes a 271 profesores/as e 2.519 horas semanais en centros concertados equivalentes a 101 profesores/as.

*O uso de horas concedidas para a atención á diversidade que se empregan en "outras medidas", fundamentalmente para realizar desdobramientos que reduzan a ratio inicial debería reconducirse. Exponse unha reflexión sobre a práctica de aumentar grupos para baixa-la ratio, ¿é esta unha medida axeitada de atención á diversidade?*

Canto ás materias ou áreas sobre as que inciden as medidas organizativas de atención á diversidade destacamos que, en primeiro lugar, se atopa a área de matemáticas cun 20% do total, seguida de lingua española cun 18,27%, ciencias naturais cun 5,7%, lingua inglesa cun 5,46%, ciencias sociais cun 5,33% e lingua vasca cun 2,37%.

*Malia iso debemos precisar que é o alumnado de necesidades educativas especiais o que consume maior porcentaxe, un 2% do total, e que na lingua inglesa ó estar afectada por desdobramientos de grupos iguais ou maiores a 25 alumnos, 600 horas semanais, a súa porcentaxe increméntase ata o 10% do total.*

O informe recolleu tamén datos sobre o grao de satisfacción e a percepción que destas medidas ten o profesorado, o alumnado e as familias. As conclusóns más relevantes son as seguintes:

### Profesorado:

Canto 6 profesorado dedicado a estas medidas de atención á diversidade o 34% é mestre de ESO, un 58% é profesorado de secundaria e un 3% é profesorado técnico de FP (un 29% deste profesorado é temporal). O perfil medio deste profesorado poderíase resumir en : profesor/a de secundaria con destino definitivo no centro, con idade entre os 25 e 45 anos e coa experiencia docente de 1 a 20 anos (nos centros de vasco o perfil de idade e experiencia é menor).

Se nos referimos á capacitación do profesorado para estas tarefas, un 60% manifesta atoparse "moi ou bastante capacitado" e un 65% do total móstrase "satisfaito ou moi satisfaito" cos recursos e a organización que o centro emprega. Non obstante, ó referirse ó apoio que reciben do centro e das institucións docentes, o 65% do profesorado afirma recibir "pouco ou nulo apoio", do centro de apoio ó profesorado, e un 55% percibe como "escaso ou nulo apoio" da comisión de coordinación pedagóxica. Os maiores apoios recíbenos do equipo directivo, do departamento de orientación e do propio departamento didáctico.

### Alumnado

Polo que se refire ó grao de satisfacción do alumnado un 71% manifesta atoparse "bastante ou moi satisfaito", afirmación matizada polo seu profesorado, que os rebaixa a un 55%.

O número de alumnos que reciben apoios canto a sexos distribúese así: un 62% son rapaces e un 38% son rapazas.

O alumnado valora moi ben, un 70%, o seu titor ou titora, e un 63% valora moi ben o seu profesorado en xeral. Respecto ós seus compañeiros, o alumnado valora nun 83% dos casos como "satisfactoria ou moi satisfactoria" as relacións da clase; de feito un 89% manifesta o seu desexo de permanecer no grupo, e un 87% do alumnado manifesta satisfacción consigo mesmo.

Canto ó esforzo persoal, un 40% deste alumnado afirma realizar "pouco ou ningún esforzo" fronte ó 56% que afirma esforzarse.

### Familiar

No tocante ás familias o 49% manifesta estar "satisfaita ou moi satisfaita", fronte ó 46% que sinala atoparse "pouco ou nada satisfaita". O profesorado manifesta ter boa comunicación coas familias nun 65% pero indica nun 60% dos casos non contar co apoio ou implicación familiar.

### I.3.D EDUCACIÓN POSTOBLIGATORIA

O alumno que non conseguira obter ou acada-los coñecementos mínimos que lle permitan acceder ó título de graduado en secundaria dispón de novas oportunidades formativas e educativas que se recollen no ambicioso Programa de Iniciación Profesional de Navarra, que se desdobra en

programas de obradoiros profesionais, iniciación profesional adaptada, iniciación profesional especial e obradoiros ocupacionais.

Trátase dunha acción coordinada e financiada polos departamentos de Educación e Cultura, de Benestar Social, de Industria, Comercio, Turismo e Traballo, do Instituto de Deporte e Xuventude e daquelas administracións municipais que desenvolven programas para rapaces sen titulación e menores de 25 anos.

Os seus obxectivos céntranse en facilita-la madureza e o desenvolvemento persoal, adquirir capacidades e destrezas para desempeñar un posto de traballo, insistir na formación básica e, por último, facilita-la súa inserción laboral.

- a) Iniciación profesional básica: emprazados nos mesmos centros de secundaria; dun ou dous anos de duración; 18 alumnos como máximo por grupo.
- b) Obradoiros profesionais: adscritos a centros de secundaria, pero co seu propio espacio físico separado; de dous cursos de duración; ligados á política do Servicio Navarro de Emprego; 18 alumnos/as por grupo como máximo.
- c) Iniciación profesional adaptada: dirixido a rapaces con certa problemática persoal ou social; de dous cursos de duración; 12 rapaces por curso como máximo.
- d) Iniciación profesional especial: destinado a rapaces con necesidades educativas especiais permanentes e un grao de discapacidade que non lles permite unha doada inserción laboral; de tres cursos de duración, máximo de alumnado por grupo 12 rapaces.
- e) Obradoiros ocupacionais: programa desenvolvido por organizacións empresariais e sindicais; responden a unha demanda urgente de cualificación profesional; dun curso de duración e con 18 alumnos/as por grupo como máximo.

Todo o alumnado que adquira as competencias profesionais definidas recibirá o certificado de profesionalidade correspondente ademais da certificación académica que lle puidera corresponder.

#### **I.4 MODELO NO QUE SE BASEA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Tódalas solucións e estratexias que vimos no apartado anterior obedecen a un modelo teórico que lles debe dar coherencia e garanti-la súa eficacia. Este modelo ten dous elementos fundamentais, que imos ver de seguido de xeito conciso, con implicacións diversas.

##### ***I.4.A TEORÍA DA APRENDIZAXE***

Sen maiores disquisicións teóricas, que excederían o obxecto deste informe, podemos convir en que a teoría de aprendizaxe que sustenta este modelo é o constructivismo. En síntese, diremos que esta teoría defende que o alumno vai construíndo as súas aprendizaxes de xeito concate-

nado de tal maneira que cada aprendizaxe debe cobra-lo seu significado en relación con outros previos que o alumno xa ten consolidados.

A consecuencia práctica inmediata é que a intervención pedagógica debe ser axustada á situación do alumno que, deste modo, tería capacidade e motivación suficientes para ir encarando novas aprendizaxes.

Situados neste suposto, cómpre considerarmos cáл é o papel que lles corresponde ós partíci-pes no proceso de ensino-aprendizaxe:

- 1) Alumno. O alumno adquire unha importancia capital en tanto se constitúe en protagonista do proceso. Non é o receptor de contidos que debe asimilar de calquera xeito, senón que é o axente do proceso, que debe construí-las súas propias aprendizaxes á medida que é capaz de as dotar de significado.

Naturalmente, estamos cun alumno que non soamente é diferente dos demais, senón que, á medida que vai evolucionando en tódolos aspectos, el vai sendo “diferente” de si mesmo e que, por tanto, necesitará dunha intervención axustada á súa propia evolución, posta de manifesto pola avaliación correspondente.

- 2) Educador. Tamén a figura do educador adquire un perfil que cómpre matizar. En efecto, o educador esixido por este modelo non é un mero transmisor de contidos, senón que debe ser un mediador un facilitador das aprendizaxes. A súa principal tarefa, por tanto, será coñece-la situación do alumno ante as novas aprendizaxes e adapta-la intervención de xeito que estas resulten significativas dentro do proceso.

Este feito ten unha grande cantidade de implicacíons na práctica educativa que non é necesario detallar aquí e que teñen que ver coa concreción dos diferentes elementos do currículo.

- 3) Institución escolar. Evidentemente, a institución escolar deber ser un ámbito que permita e favoreza o proceso de ensino-aprendizaxe e, para iso, ten que ser, de maneira esencial, un ámbito flexible no sentido de que ten que permitir unha ampla marxe de manobra á hora de tomar decisións sobre a selección e secuenciación de obxectivos e contidos, sobre a organización e distribución de espacios e tempos, sobre os principios metodolóxicos e sobre os instrumentos e criterios de avaliación, promoción e titulación.

#### **I.4.B MODELO CURRICULAR**

Parece claro que todo o dito non sería posible se o modelo curricular que o acompaña fose un modelo pechado que non permitise adapta-la intervención educativa, entendida esta en toda a súa amplitude.

Así pois, é preciso que o currículo, entendido como “o conxunto de obxectivos, contidos, métodos pedagógicos e criterios de avaliación de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo que regulen a práctica docente” (LOXSE, art. 4) permita, pola súa flexibilidade e adaptabilidade, a atención á diversidade de capacidades, coñecementos, intereses e motivacións que presenten os alumnos nas etapas obligatorias.

Este modelo curricular é o que adoptou a LOXSE para ofrecer unha formación básica común e posibilitar ese ensino personalizado e adaptado ás peculiaridades de cada alumno. Da escola da discriminación déuselle paso á escola da integración, e da da homoxeneidade á da diversidade.

Estamos ante dous conceptos, comprensibilidade e atención á diversidade, que, debidamente manexados, deben proporcionar un modelo de ensino personalizado capaz de permitir esa intervención educativa axustada ás características individuais dos alumnos a que nos viñemos refrendo.

Cómpre deixar manifestamente claro que o carácter comprensivo implica unha intención non selectiva e non discriminadora que se debe traducir nun currículo integrador capaz de compensa-las desigualdades que se poden xerar como consecuencia das diferencias existentes entre os alumnos. Este principio debe rexer toda a atención á diversidade.

Dito o anterior, merece a pena deterse no concepto de atención á diversidade.

En primeiro lugar, habería que dicir que a atención á diversidade é un concepto más amplio có de necesidades educativas especiais, xa que estas forman parte del.

Por outra banda, debemos sinalar que a atención á diversidade integra un bo número de elementos de diferente tipo que é preciso identificar porque son eles os que van esixi-la adopción dunhas medidas ou outras.

En xeral, poderíamos dicir que a diversidade constitúe un *continuum* que vai concretándose de diferente xeito ó longo do proceso educativo e mesmo parece claro que as diferencias van facéndose maiores á medida que avanza ese proceso, polo que as solucións que se adopten para a súa atención deben ser diferentes nesa mesma medida.

Son elementos diferenciadores as capacidades, os intereses e as motivacións, pero tamén o son o proceso de socialización, o propio currículo que se fai máis esixente e, naturalmente, as necesidades educativas especiais. Precisamente a LOXSE introduce unha nova concepción e práctica en relación ó termo “necesidades educativas especiais” que consideramos necesario mencionar.

Este termo introducícese na LOXSE para garantir unha resposta educativa axeitada a aqueles alumnos que polas súas particulares circunstancias se atopan nunha situación de desvantaxe. Propicia un cambio de paradigma ó pasar dun modelo centrado no déficit a un modelo que pon a súa énfase na resposta educativa, nas necesidades que os alumnos presentan máis que nas súas limitacións.

No contexto da lei as necesidades educativas especiais pódense atribuír a diversas causas relacionadas co contexto sociocultural, a historia educativa o con condicións persoais asociadas ben a unha sobredotación intelectual ou ben a unha discapacidade psíquica, sensorial, motora ou a trastornos graves de conducta. Estas, por tanto, son de distinta natureza e de orixe diversa. Poden ter un carácter temporal ou permanente ó longo da escolarización. É dicir, son relativas e cambiantes, co que a atención e provisión de recursos terá que se someter a unha avaliación permanente delas. Considérase que ata un 20% da poboación escolar podería chegar a ter temporalmente nalgún momento da súa escolarización dificultades de aprendizaxe que requiran dunha atención especial.

Considérase que un alumno ten necesidades educativas especiais cando por calquera causa ten dificultades de aprendizaxe maiores có resto dos alumnos para acceder ás aprendizaxes que se determinan no currículo que lle corresponde pola súa idade, de forma que require, para compensalas ditas dificultades, adaptacións de acceso e/ou adaptacións significativas en varias áreas dese currículo (MEC e Goberno de Navarra, 1992).

Non obstante, a posta en práctica deste concepto non é dodata. Se ben existen dificultades para aprender que son consubstanciais co proio proceso de aprendizaxe e poden ser resoltas polos medios ordinarios dos que dispón o profesor, outras precisan de respostas educativas que se apartan e diferençia significativamente das do resto do grupo. A fronteira ente o ordinario e o extraordinario non é nítida. O que un centro pode considerar como unha dificultade ordinaria pode ser percibido como extraordinaria noutro na medida en que dificulte o desenvolvemento do seu proxecto educativo. Será o equipo psicopedagóxico quen, en colaboración co profesorado, estableza as medidas de atención á diversidade requiridas en cada caso concreto.

Dentro do continuo de necesidade que a actual lexislación presenta están previstas as seguintes medidas tanto curriculares como medidas organizativas para atender á diversidade:

- a) Medidas curriculares. Entre elas, cabe cita-la toma de decisións sobre o currículo que se plasmarán nas respectivas programacións didácticas, as adaptacións curriculares, a opciónalidade e a acción titorial.
- b) Medidas organizativas. Son medidas deste tipo os reforzos e apoios educativos, os agrupamentos específicos, a permanencia durante un ano máis no ciclo ou curso a atención a alumnos con necesidades educativas especiais.

Como pode verse, ámbolos tipos de medidas son complementarias porque non se pode pensar nunha medida organizativa eficaz se non vai acompañada da medida curricular pertinente.

No marco deste traballo queremos deixar claro que non nos imos referir a aqueles alumnos que a partir da súa valoración psicopedagóxica e como excepción deixan de estar escolarizados nos centros ordinarios.

## **I.5 PROPOSTAS E SUXESTIÓNS DE MELLORA DENDE NAVARRA EN RELACIÓN COA DIVERSIDADE**

### ***I.5.A DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA APLICACIÓN NO NOSO SISTEMA EDUCATIVO (EN TODA A EDUCACIÓN OBRIGATORIA) DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.***

Este programa poderíase concretar nas seguintes liñas de actuación:

- Análise de todos aqueles caos de alumnos que reciben medidas de atención á diversidade sen contaren cun diagnóstico previo e un seguimento da súa situación particular.
- Estudio do número e tipo de adaptacións curriculares levadas a cabo en cada centro escolar, así como doutras medidas curriculares.
- Análise dos criterios de promoción en cada centro e dos plans de seguimento específico para aqueles alumnos que requieren de medidas de atención á diversidade, tanto no caso de que deban repetir curso como no caso en que promocionen.
- Estudio da eficacia e a eficiencia das distintas medidas curriculares e organizativas de atención á diversidade en relación o progreso (éxito/fracaso escolar) dos alumnos ó longo da súa escolaridade.

### Xustificación:

Soamente analizando a bondade das medidas adoptadas poderemos coñece-la realidade do novo sistema educativo no seu intento de responder á diversidade. Posto que hai medidas e recursos xa existentes será preciso adopta-los mecanismos necesarios para acadar un maior aproveitamento e rigor na súa aplicación.

Neste sentido, o Servicio de Inspección Técnica e de Servicios do Goberno de Navarra realizou unha avaliación das medidas organizativas de atención á diversidade aplicadas no ensino secundario obligatorio navarro. Neste estudio empírico recóllese abundantísima información sobre o modo en que se implantaron as medidas organizativas na ESO. O estudio revela a necesidade de complementar esta información con datos sobre a bondade das medidas organizativas, así como a necesidade de obter información sobre as curriculares.

É preciso coñecer cando as dificultades dun alumno non son soamente maiores cás do resto dos seus compañeiros, senón que o profesorado esgotou os recursos ordinarios ó seu alcance para responder a elas. Cómpre coñecer cántos destes alumnos foron diagnosticados como alumnos con necesidades educativas especiais e cómo foi a súa evolución ó longo da escolaridade; cómo as necesidades non derivan sen máis dunha resposta educativa desaxustada debida ó ritmo de traballo, á organización pouco funcional da aula, a unha metodoloxía inaxeitada para o estilo de aprendizaxe do alumno, etc.; cáles son os criterios reais de promoción que xustifican que un alumno con necesidades educativas especiais promocione co seu grupo de idade e qué medidas de atención soporan, etc.

Cuestións como estas están a pór de manifesto a conveniencia de realizar estudos de seguimento dos alumnos que reciben medidas de atención á diversidade. Referímonos á conveniencia de planear estudos lonxitudinais nos que se avalíe a evolución do rendemento dos alumnos ó longo de varios anos de escolaridade, a evolución das súas dificultades e a continua adaptación da atención educativa a elas.

### **I.5.B DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NA APLICACIÓN DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: ESTRATEGIAS DE FORMACIÓN NA REALIZACIÓN DE ADAPTACIONES CURRICULARES**

Trátase de propor cursos de carácter eminentemente práctico baseados en exemplificacións concretas de elaboración e aplicación de adaptacións curriculares nas diferentes áreas. A súa finalidade será a de apoia-lo traballo do profesor na aula ante unha diversidade de alumnado cada vez maior na aula.

#### **Xustificación:**

O tema da formación permanente do profesorado é reincidente, pero non por iso de menor importancia.

Precisamente, do estudio xa mencionado realizado polo Servicio de Inspección Técnica desprédese a necesidade de atender de maneira específica á formación do profesorado neste aspecto da atención á diversidade, como é o da elaboración de adaptacións curriculares.

Así, ante a pregunta “¿a formación que recibín en cursos, cursifios e seminarios sobre os modos de realizar adaptacións curriculares capacítame para levalas a cabo?”, as respostas do profesorado foron as seguintes:

15% Nada	49% Pouco	25% Bastante	4% Moito	7% Non contesta
----------	-----------	--------------	----------	-----------------

Nesta mesma liña, ante a pregunta: “¿cómo é a satisfacción do profesorado co apoio e orientación que reciben do centro de apoio ó profesorado?”, as respostas foron:

27% Nada	38% Pouco	22% Bastante	3% Moito	10% Non contesta
----------	-----------	--------------	----------	------------------

Ante esta realidade consideramos necesario insistir na actuación didáctica dos profesores en relación á atención á diversidade no seu centro e área específica de docencia.

## **II. A ESCOLA INTERCULTURAL<sup>2</sup>**

### **II.1 REFERENCIAS LEGAIS OU NORMATIVOS EN NAVARRA**

En Navarra, comunidade bilingüe, existe toda unha normativa legal do desenvolvimento do ensino de e en vasco. Entendemos que non é ese o campo ó que referimos neste relatorio ó falar de “diversidade cultural”, senón ás persoas que proceden de culturas non propias da nosa comunidade.

---

2. A información e os datos deste apartado 2 foron elaborados polo Servicio de Renovación Pedagóxica do Departamento de Educación Cultura do Goberno de Navarra.

Feita a matización anterior, sinalamos que na Comunidade Foral de Navarra non se desenvolveu ningunha normativa específica legal ou regulamentaria para o desenvolvemento de programas de atención ás minorías e grupos culturais diferenciados aínda que existen programas en relación con este campo, como veremos a continuación.

## **II.2 ANTECEDENTES E TRADICIÓN SOBRE O TEMA**

Dentro do Programa de Educación Compensatoria, no Real decreto 1174/1983 contémpase dúas áreas dirixidas a equipos culturais e étnicos diferenciados:

- Minorías culturais (xitanos e emigrantes).
- Poboación itinerante (circos, feirantes e temporeiros agrícolas).

O curso 1998/99 iníciase, de maneira estable, un programa de atención á poboación portuguesa. Este programa comeza a súa aplicación en León, Burgos, Asturias e Navarra. A denominación oficial é a de “Programa de Lingua e Cultura Portuguesa”.

1. Minorías culturais. Estas minorías culturais estiveron referidas fundamentalmente á poboación escolar xitana. Ó longo destes anos contouse cunha dotación duns 20 profesores de apoio específico, a minoría destinados en 14 ou 16 colexios públicos.
2. Atención ós alumnos de familias temporeiras. No noso caso, durante a campaña esparagueira e para atender ó alumnado que chegaba ós centros durante o período abril e xuño de cada curso, necesitáronse apoios de profesorado e axuda económica.
3. Atención escolar a nenos con períodos de longa hospitalización. Centrada no Hospital Xeral da Seguridade Social “Virgen del Camino”, cunha profesora funcionaria do Departamento de Educación e Cultura. Esta profesora, ademais, atende casos de atención domiciliaria na área de Pamplona.
4. Programa de Lingua e Cultura Portuguesa. Ata o ano 1995 desenvolveuse nos colexios públicos de San Francisco, San Jorge I, Sanducelai, Ave María e Fernando Remacha.

### **Escolas ponte**

Con este termo enténdese unha serie de centros e/ou actuacións que lle daban cobertura escolar ó alumnado xitano. O tempo durante o que estivo vixente o modelo de escolas ponte sitúase entre finais dos anos 70 e 1987 fundamentalmente.

A finalidade das escolas ponte era a de lle servir de acollida ó alumnado xitano que chega por primeira vez á escola ou tivo procesos moi irregulares ou deficientes respecto a escolarizacions anteriores. A permanencia nestes centros era transitoria. O obxectivo era acadar unha contidos mínimos nas áreas instrumentais. Cando se apreciaba un avance significativo nas áreas instrumentais e en hábitos de comportamento incorporábanse a un centro ordinario.

En Navarra pódense sinalar dous exemplos que cremos que responden ó modelo de centros e aulas ponte. O caso do *Convento Viejo de San Pedro* con algúns profesores entre os que é máis sig-

nificativa Carme Ortega, e a escola que funcionou varios anos no poboado de Santa Lucía, ata que se integrrou a todo o seu alumnado no colexio público *San Jorge I*.

### **II.3 SOLUCIÓNS E ESTRATEXIAS EN CADA TERRITORIO PARA AFRONTA-LO TEMA E MODELO Ó QUE CONDUCE**

#### ***II.3.A MINORÍAS CULTURAIS***

Os alumnos pertencentes a minorías étnicas, no curso 97-98, ascenden a 2.238, dos que o 75% se escolariza en centros públicos. Cómprase salientarmos, neste sentido, que a conversión de Navarra en zona de inmigración obriga a formular cara ó futuro a adopción de medidas que favorezan a integración dos colectivos de emigrantes.

Segundo os datos existentes, o número de alumnos pertencentes a minorías sepárase en:

- Etnia xitana. En xeral é un colectivo marxinado con problemas de degradación sociocultural e económica.
- Estraneiros. Procedentes de países que por non falar castelán teñen maiores dificultades para a aprendizaxe. Inclúronse tamén neste grupo os procedentes de Latinoamérica, que aínda que coñecen o idioma están en situación desfavorecida e con carencia de documentación.
- Portugueses. Unha porcentaxe maioritaria vive en condicións de marxinación ou pobreza. Considerárase un grupo separado pola súa importancia cuantitativa e pola existencia dun programa especial para o ensino da lingua portuguesa.

No cadro seguinte pódese ve-lo detalle por ciclos educativos e tipos de ensino.

	Educación Infantil		Educación primaria		ESO		Total centros públicos	Total centros concert.	Total
	Colexio público	Colexio concert.	Colexio público	Colexio concert.	Colexio público	Colexio concert.			
Or. xitana	255	60	597	121	188	22	1.040	203	1.243
Or. portuguesa	57	37	152	69	55	32	264	138	402
Estranx. (non port.).	77	51	198	103	92	72	367	226	593
Total	389	148	947	293	335	126	1.671	567	2.238

A maior parte das persoas que integran o colectivo de minorías étnicas é de orixe xitana. Esta poboación aséntase en zonas concretas, o que orixina que se concentre en centros do contorno en que viven.

Neste epígrafe hai que salientar que, xunto ó que podemos denominar problemática clásica, comeza a xurdir unha nova problemática derivada da conversión de Navarra en zona de inmigración para estraneiros, normalmente persoas de baixo nivel económico e cultural, e en moitos casos

sen a documentación legal. As experiencias habidas noutros países cos colectivos de emigrantes obligan a sociedade navarra a expor esta futura problemática agora que hai tempo para adoptar medidas e poder realiza-la planificación necesaria que lles permita a estes colectivos tanto a aprendizaxe das linguas oficiais da nosa comunidade como a máxima integración.

Profesorado específico de apoio a minorías culturais en colexios públicos.

Nº de colexios, por zonas, con profesorado de apoio durante o curso 1998/99	Nº de profesores de apoio			
	P.D	P.P.	C.SERV.	C.L.
Zona de Pamplona	7	8		1
Zona de Estella	4	2		2
Zona de Sangüesa	1	1		
Zona de Tafalla	-			
Zona de Marcilla-Peralta	2		1	1
Zona de Tudela	2	1	1	
<b>TOTAL PROFESORADO 18 e ½</b>				

O profesorado de apoio que se destinou a estes colexios públicos founo en función do alumnado de etnia xitana principalmente. Tamén se valoraron as especiais situacións e condicións dos centros, así como a presencia de alumnado inmigrante con déficits socioculturais marcados.

### II.3.B AXUDAS ECONÓMICAS ÓS COLEXIOS PÚBLICOS E CONCERTADOS

Co obxecto de paliar as carencias económicas do alumnado de minorías culturais á hora de adquirir-lo material e equipamento escolar persoal, así como para axudar á participación destes alumnos en saídas e visitas culturais e excursións de fin de curso, enviáronse ós centros públicos dotacións económicas. Os propios centros encargáronse de atender a este tipo de necesidades coas cantidades recibidas.

Os centros formalizaron as súas peticións de acordo cos seguintes dous módulos que se fixaron:

- 12.000 ptas/alumno en EI/EP.
- 15.000 ptas/alumno en ESO.

Indicóuseelles ós colexios que estes módulos indicados non se aplicasen de xeito unívoco, senón que cunha mesma axuda se puidese atender máis dun alumno valorando a necesidade de cada caso en particular.

### **II.3.C ALUMNADO DE ORIXE ESTRANXEIRA**

O alumnado estranxeiro procedente de países de fala non castelá suscitou non poucos problemas ó longo do curso, de maneira máis importante nos institutos de educación secundaria.

A distribución destes alumnos abrangue un abano moi amplio de centros, e non se dá un número significativo, polo momento, en ningún. Isto fai que axude a facilita-lo ensino do castelán. Por esta razón tratouse de irles dando solucións parciais ós casos máis urxentes.

Esta é unha cuestión pendente que cómpre resolver. Máxime porque as perspectivas destes fluxos migratorios son de aumentar progresivamente.

Desde a Unidade Técnica de Educación de Adultos e Compensatoria facilitóuselles ós centros que o solicitaron materiais para o ensino do castelán; en concreto distribuíuse entre 20 centros públicos e un concertado o seguinte material:

- 18 exemplares do método “*Pido la palabra*”.
- 19 CD-ROM: “*El español es fácil*” .

### **II.3.D PROGRAMA DE LINGUA E CULTURA PORTUGUESA**

As actuacións do Programa de Lingua e Cultura Portuguesa desenvolvérónse nos colexios públicos *Ave María* e *Sanducela*, de Pamplona, no *Mendialdea* de Berriozar e no centro concertado *Nuestra Sra. de la Compasión* de Pamplona.

- Profesores portugueses: 3
- Alumnos portugueses e/ou lusoparlantes: 106
- Actuacións.

As actuacións de Navarra, xunto coas de Galicia, País Vasco e Territorio MEC (as más numerosas e de maior volume) beneficiaranse do proxecto LALO: “a educación dos fillos de traballadores emigrantes portugueses; ensino da lingua de acollida e da lingua de orixe dende unha perspectiva intercultural”. Incardínase no programa Sócrates-Comenius-Acción 2.

A Subdirección Xeral de Educación Especial e Atención á Diversidade é a entidade coordinadora do dito proxecto.

Durante o segundo trimestre do curso e comezos do terceiro fomos recibindo os materiais editados froito do proxecto LALO. Inmediatamente distribuíronse entre os catro centros. Este material responde ó título xenérico de “Amigos”, corresponde ó 1º curso do 1º ciclo de educación primaria e está estructurado en tres trimestres. Componse de:

- Programación xeral.
- Orientacións didácticas.
- Libro do alumno (un exemplar para cada alumno/a de 1º de EP que segue o programa).

A nivel xeral destacámolo a realización das *X Xornadas Pedagóbicas* sobre o tema “A organización dos centros desde unha perspectiva intercultural”, que tiveron lugar os días 21, 22 e 23 de abril en Santander.

### *II.3.E TEMPOREIROS*

A campaña do espárrago do ano 1999 foi similar á do curso anterior.

- Contratáronse cinco profesores con xornada completa para os colexios públicos de Dicastillo, Miranda de Arga (Vergalijo), *Remontival* de Lizarra, Caderita e Villatuerta. O período de contratación foi de dous meses e medio.
- Estableceuse, igual que o curso pasado, unha aula en Vergalijo por non ser viable o traslado a Miranda de Arga dos nenos e nenas temporeiros que chegaron para a campaña do espárrago. O casarío no que se instalou a aula reunía unhas condicións aceptables. Esta actuación, atípica se se quere, hai que valorala como acertada.
- Acudiron 252 alumnos temporeiros, o que supón 36 alumnos máis que na campaña da primavera de 1998. Estes datos tómanse en referencia ó mesmo abano de centros dos que se dispoñen datos cada curso. Porcentualmente o aumento foi do 16,7%.

A procedencia do alumnado temporeiro maioritariamente foi de Jódar (Xaén). Foron 184 alumnos que representaban o 73,01%. Sumados os nenos e nenas vidos doutras localidades da provincia de Xaén chégase a 200 alumnos, que supoñen e 79,37%.

### *II.3.F HOSPITALIZACIÓN.*

*A profesora de atención hospitalaria continuou coa mesma fórmula de cursos anteriores. Actuación no hospital Xeral da Seguridade Social “Virgen del Camino” polas mañás e atención domiciliaria, en Pamplona e arredores, polas tardes.*

## **II.4 PROPOSTAS E SUXESTIÓN DE MELLORA DESDE NAVARRA EN RELACIÓN COA ESCOLA INTERCULTURAL**

### **II.4.A CREACIÓN DE EQUIPOS MULTIDISCIPLINARES PARA A ACOLLIDA E AVALIACIÓN INICIAL DO ALUMNADO PERTENECENTE A CULTURAS OU ETNIAS DIFERENTES E ESTABLECIMENTO DUN PROCEDIMENTO PARA A SÚA ENTRADA NO SISTEMA EDUCATIVO, ASÍ COMO A PREVISIÓN DOS RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS CONDUCENTES Á CORRECTA ESCOLARIZACIÓN**

O Consello Escolar de Navarra propón a creación de centros de recursos e/ou equipos de acollida que reciban e estudien a situación persoal, familiar e social do alumnado pertencente a culturas ou etnias diferentes que vaia incorporarse ós centros educativos, realizando unha avaliación ou diagnóstico inicial que non soamente abranga os aspectos académicos senón tamén os sociais e cul-

turais, de xeito que se poidan, de seguido, establecer medidas provisionais ou temporais de atención, modelo de escolarización, recursos que sexan precisos, etc.

Estes equipos deberían estar adscritos ás comisións de escolarización e incorporar profesionais do ámbito de benestar social, saúde, Administración educativa e Administración municipal.

### Xustificación:

Semella máis ca evidente que non podemos continuar escolarizando o alumnado procedentes de grupos sociais ou étnicos que, inesperadamente, chegan a unha localidade ou a un territorio, simplemente baixo a fórmula de pedir unha praza nun centro, sen máis.

Este sistema, que é o empregado ata agora, está implicando varias cousas:

- a) Que moitas veces deban pasar varios meses escolarizados nun centro para coñecer, a través da experiencia, case sempre negativa, qué necesidades teñen eses alumnos.
- b) Que produzan concentracións do mesmo tipo de alumnado nos mesmos centros por aquilo da afinidade, sen que eses grupos poidan valora-la situación que están creando.
- c) Que resulta urxente evita-la chegada destes “paracaidistas”, ás veces en grandes ondadas, cos que non sabémo-lo que facer e para os que, únicamente, arbitramos solucións parciais ou parches de actuación.
- d) Que con esta proposta existiría un recurso avaliador previo que se aproximaría bastante ás necesidades do alumnado e que sinalaría o tipo de escolarización que se debe realizar, as súas condicións, os medios que precisa, etc.
- e) Que os centros puideran coñece-lo procedemento de entrada, ónde enviar estas familias nos primeiros momentos, etc., e centrarse nos plans de atención educativa propostos, plans que chegarían acompañados dos seus medios.
- f) Que exista a posibilidade de establecer aulas ou unidades nun centro de recursos ou similar ou nos centros educativos para a aprendizaxe do idioma, para a aprendizaxe e asunción de comportamentos e habilidades sociais ou valores habituais na nosa sociedade e para poder defini-lo nivel académico que lles corresponde e o modelo ou tipo de integración escolar. A permanencia neste tipo de unidades deberá estar limitada temporalmente.
- g) Que xurdan para a súa atención novos profesionais, como traballadores sociais e educadores especializados para o tempo escolar e non escolar que se responsabilizarían do apoio nas primeiras fases da súa integración nos centros.
- h) Que se desenvolvan programas de formación elemental nos mesmos aspectos dirixida ás familias respectivas, ás que tamén habería que ofertar aprendizaxes do idioma e das habilidades sociais e valores da nosa sociedade.

***II.4.B ACORDAR, COS CENTROS PÚBLICOS E CONCERTADOS DUNHA MESMA LOCALIDADE OU ZONA ESCOLAR, O SISTEMA DE ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO CON PROBLEMAS SOCIAIS OU PROCEDENTE DE GRUPOS CULTURAIS OU ÉTNICOS DIFERENCIADOS***

O Consello Escolar de Navarra propón, como xa se está a facer nalgúns concellos, establecer mecanismos de escolarización deste tipo de alumnado de maneira que a súa proporción manteña unha ratio aceptable e non distorsionante da realidade escolar.

Para iso deberíase chegar a acordos que obriguen as partes por medo da Comisión de Escolarización e do mencionado equipo de acollida e avaliación previa, ofrecendo recursos humanos e económicos, e condicionando os concertos educativos, as dotacións orzamentarias e de cadre de persoal dos centros, tanto públicos como concertados, á asunción deste compromiso.

Se a actual lexislación o impedisce, deberíanse establecer módulos diferentes de cadre de persoal e de recursos económicos para os centros que se adscribiran ó proceso e os que non o fixeran. Trátase de non igualar a todos, senón de lle dar máis ó que máis o precisa, principio de solidariedade indiscutible.

As dotacións de libros ou material escolar que as administracións educativas están proporcionando deberíanlle dar prioridade a este tipo de centros que se comprometen nos programas de atención ás minorías.

**Xustificación:**

Estamos asistindo a unha cerimonia da confusión na que empregando o precepto legal da libre elección de centro se está a impidi-la auténtica elección, e danando o sistema educativo de xeito perigoso. Estase perpetuando a situación social discriminatoria do alumnado pertencente a estes grupos.

Todos sabemos que elixe o que ten capacidade de elixir. Os que carecen desa capacidade, caso do alumnado e familias das que estamos a falar, a súa elección responde a factores múltiples que pouco ou nada teñen que ver co dereito de elección de centro.

A nosa proposta intenta ser posibilista para acada-los obxectivos de integración escolar e social, evitando a creación de guetos e facilitando a igualdade de oportunidades ou de mellora persoal e social destes grupos.

***II.4.C DESENVOLVER UN PROGRAMA DE SENSIBILIZACIÓN NAS COMUNIDADES ESCOLARES, PROFESORADO, FAMILIAS, ALUMNADO E PERSOAL DE SERVICIO E ADMINISTRACIÓN, SOBRE O SIGNIFICADO DA INTERCULTURALIDADE QUE NOS CHEGA.***

O Consello Escolar de Navarra propón desenvolver coas asociacións de pais e nais, sindicatos docentes e do persoal auxiliar e co alumnado campañas de explicación e sensibilización. Por

exemplo, presencia nos centros de persoas coñecedoras das diferentes culturas dentro do marco dunha materia ou como un tema transversal, publicación e presentación de proxectos que estean a realiza-los centros educativos, campañas en prensa, testemuño de centros e consellos escolares, etc.

**Xustificación:**

Corrémo-lo risco de tratarmos de vender un proxecto que resulte alleo ou estranxo ou incómodo para os sectores sociais ós que van dirixidos. Antes de lanzarse á súa implantación ou de forma simultánea, deberíanse realizar estas campañas divulgativas ou informativas.

***II.4.D DESENVOLVEMENTO DO TEMA INTERCULTURAL COMO MATERIA TRANSVERSAL PREFERENTE.***

O Consello Escolar de Navarra propón que para os tres próximos cursos escolares o tema transversal “A interculturalidade” sexa desenvolvido e apoiado con recursos humanos e económicos por entender que urxe e é prioritario para o noso sistema escolar.

En caso ningún propomos unha nova materia, senón incluír este tema como unha materia transversal que inspire o proxecto educativo dos centros e, sobre todo, a práctica docente na aula por medio de actividades que se poden incluír nas correspondentes unidades didácticas de varias materias.

Para iso o profesorado e os consellos escolares de centro precisan formación básica e práctica, algúns medios materiais e o apoio dalgúns expertos.

**Xustificación:**

Trátase dunha actuación más concreta relacionada coa sensibilización no proxecto intercultural.

As razóns da súa xustificación serían similares ás anteriores.